

O Plan de Prevención do Suicidio en Galicia nace cun dobre obxectivo, o de reducir a taxa de suicidio e o de establecer medidas para diminuír o sufrimento das persoas que presentan un intento de suicidio, e das súas familias. Este Plan establece un compromiso claro do goberno galego con relación ao problema do suicidio, en pro dunha resposta integral das institucións para a súa prevención. Un aspecto considerado clave é conseguir que a prevención do suicidio sexa unha prioridade multisectorial, integrando a todos os axentes implicados nunha mesma estratexia. Con este Plan quérese priorizar a prevención do suicidio na axenda da atención á saúde mental e concienciar acerca do suicidio como un problema global, e que vai máis alá da atención no ámbito sanitario, sendo necesario implementar outras medidas complementarias en ámbitos como o educativo e social.

O suicidio é un problema da sociedade no seu conxunto de xeito que para que unha estratexia nunha poboación resulte eficaz é preciso unha resposta multisectorial e integral.

No informe publicado pola Organización Mundial da Saúde “O suicidio, un imperativo global” determinase unha maior taxa de suicidio nos países de alto nivel económico, salientando a necesidade de ter en conta aspectos como as experiencias relacionadas con conflitos, desastres, violencia, abusos, perdas e sensación de illamento que están estreitamente ligadas a condutas suicidas. As taxas de suicidio tamén son elevadas entre os grupos vulnerables obxecto de discriminación. Diferentes factores psicolóxicos, sociais, e culturais poden interactuar para conducir a unha persoa a ter un comportamento suicida, e por mor do estigma asociado as persoas poden non chegar a pedir axuda. Aínda que se ten avanzado no coñecemento acerca do comportamento suicida, non hai unha explicación única de porque unha persoa pode actuar deste xeito, pero existen medidas que podemos levar a cabo para modificar as consecuencias persoais e familiares do suicidio. A análise epidemiolóxica axuda a identificar tanto factores de risco como de protección fronte o suicidio, o que é de utilidade para deseñar os Planes de prevención, quedando os resultados descritos no documento.

Este Plan establece mecanismos de coordinación para posibilitar que diferentes organismos poidan sumar os seus esforzos para traballar conxuntamente na prevención, manexo, intervención e acompañamento das persoas que levan a cabo un intento de suicidio, e dos seus familiares.

Por cada suicidio cometido hai moitos máis intentos de suicidio polo que para unha prevención eficaz compre desenvolver estratexias indicadas dirixidas a poboación vulnerable mediante o apoio, a capacitación do persoal de saúde, educación e servizos sociais e unha mellora na identificación dos trastornos mentais e de consumo de sustancias. Neste documento expoñemos os diferentes programas e protocolos desenvolto na nosa comunidade servindo de punto de partida para o deseño dun proceso de atención integral a desenvolver durante o período de vixencia do plan. A Comisión Interdepartamental terá a facultade de realizar a avaliación dos resultados das medidas implementadas durante o seu desenvolvemento, actualizar o coñecemento e promover novas actuacións baixo criterios de eficiencia e efectividade.

O xeito de informar acerca deste fenómeno tanto nos medios de comunicación convencionais como nas redes sociais, pode incidir directamente sobre as taxas de suicidio nunha poboación ou grupo de risco determinado. Polo que este Plan promove a difusión e coñecemento das medidas de axuda para a cidadanía, como parte do tratamento que se lle da a este problema.